

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 03.02.2017

Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de febreiro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2618 (10/POC-000326)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 4 máis
Sobre a execución dos obxectivos do Plan de mellora da contratación pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 2705 (10/POC-000361)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia para a construción dun rocódromo na cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.3 3301 (10/POC-000548)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o número de persoas acollidas en Galicia no ano 2016 ao Plan de acollemento para as persoas refuxiadas, a valoración da Xunta de Galicia en relación co seu desenvolvemento, así como a suficiencia do orzamento destinado para ese fin e as previsións ao respecto para o ano 2017
- 1.4 3321 (10/POC-000555)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en marcha, coa

dotación dos medios necesarios, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia establecido na disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 2139 (10/PNC-000224)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo cos colectivos LGTBI galegos para a redacción dunha lei de identidade de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016
- 2.2 2253 (10/PNC-000231)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016
- 2.3 2594 (10/PNC-000268)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para que se aprobe o Decreto regulador da cooperación para o desenvolvemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016
- 2.4 3558 (10/PNC-000343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos problemas de seguridade existentes en Galicia e coa dotación de medios persoais dos corpos da Garda Civil, Policía Nacional e Policía adscrita



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2618(10/POC-000326)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 4 máis

Sobre a execución dos obxectivos do Plan de mellora da
contratación pública

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:17
Nº Rexistro: 2618
Data envío: 27/12/2016 11:17:58.882

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

En xuño de 2014, o Consello da Xunta aprobou un Plan de Mellora da Contratación Pública elaborado pola Vicepresidencia e pola Consellería de Facenda dirixido a aportar solucións en dous eixos fundamentais: a racionalización do gasto público e a simplificación e axilización de trámites. A maiores, o Plan propúñase o obxectivo de que a contratación pública autonómica exercera como elemento tractor de boas prácticas no eido empresarial.

Este Plan recollía a testemuña de actuacións previas deste goberno como foran a posta en marcha da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ou os sistemas de licitación e facturación electrónicas e daba cumprimento en boa parte aos mandatos legais en materia de contratación pública que se incluíran no título segundo da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016 cun programa electoral no que se recollía o mandato de avanzar na revisión dos procesos de contratación pública para facelos máis áxiles e menos burocratizados.

A maiores, un obxectivo declarado do recentemente conformado goberno de España é o de aprobar unha nova Lei de Contratos do Sector Público de carácter básico.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:17
Nº Rexistro: 2618**
Data envío: 27/12/2016 11:17:58.882

Ante estas perspectivas de avance, é obrigado ter coñecemento da situación actual e do estado no que se atopa actualmente a modernización do sistema de contratación pública galega a través do avances producidos polo mencionado Plan.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a situación da execución dos obxectivos do Plan de Mellora da Contratación Pública tralos dous anos transcorridos dende a súa aprobación?

Santiago de Compostela 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/12/2016 11:02:39

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2016 11:03:32

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2016 11:03:35

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2016 11:03:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 11:04:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2705(10/POC-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o apoio da Xunta de Galicia para a construción dun
rocódromo na cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:24
Nº Rexistro: 2705
Data envío: 29/12/2016 10:24:57.711

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Na pasada lexislatura a Dirección Xeral de Deportes foi informada dun proxecto de construción dun rocódromo na cidade de Lugo do que participarían tamén a Deputación e o Concello.

A iniciativa, impulsada pola Asociación de clubs de montaña de Lugo, está enfocada á construción no Pazo de Feiras dun espazo polivalente que abrangería non só a práctica deportiva de escalada (amateur/profesional), senón a formación profesional e actividades de lecer nunha contorna controlada dirixidas a crianzas, persoas con discapacidade e familias. Unhas instalacións

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1. Continúa apoiando a Xunta de Galiza a construción do rocódromo na cidade de Lugo?
2. Iniciou o Goberno galego algunha xestión para levar a cabo o proxecto?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:24
Nº Rexistro: 2705

Data envío: 29/12/2016 10:24:57.711

3. Mantivo algún encontro ou contacto co Concello de Lugo e a Deputación Provincial para abordar o seu financiamento?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 10:24:21

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 10:24:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 10:24:31

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 10:24:35

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 10:24:36



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:24
Nº Rexistro: 2705

Data envío: 29/12/2016 10:24:57.711

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 10:24:40

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3301(10/POC-000548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o número de persoas acollidas en Galicia no ano 2016 ao Plan de acollemento para as persoas refuxiadas, a valoración da Xunta de Galicia en relación co seu desenvolvemento, así como a suficiencia do orzamento destinado para ese fin e as previsións ao respecto para o ano 2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Na pasada lexislatura aprobáronse diversas iniciativas por unanimidade que defendían a creación dun **Plan de Acollida para Persoas Refuxiadas en Galicia**. Con vistas a sabermos a eficacia da súa implementación, desde AGE realizáronse, en diversas ocasións, preguntas aos membros do Goberno galego que tiveron que recoñecer daquela que o número de persoas acollidas era de cero.

A situación foi mudando moi pouco a pouco. De maneira extremadamente lenta. Demasiado cando no Mar Mediterráneo se agolpan os corpos de persoas afogadas que procuraban chegar a terra firme para solicitar asilo (3.270 no 2014; 3.771 no 2015).

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta a seguinte pregunta ao Goberno galego:

1. Cantas persoas foron acollidas en Galicia neste 2016 baixo o amparo directo do Plan de Acollida para Persoas Refuxiadas posto en marcha pola Xunta de Galicia?
2. Cal é a avaliación que realiza a Xunta de Galicia da posta en marcha de dito Plan?
3. Cales son as previsións do Goberno galego en cando a persoas acollidas para o ano 2017?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:30
Nº Rexistro: 3301
Data envío: 13/01/2017 13:30:26.253



4. Cal é o orzamento real que se lle vai destinar neste 2017 para converter en realidade o Plan de Acollida? Pensa que as contías actuais son suficientes?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/01/2017 13:21:13

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 3321(10/POC-000555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en marcha, coa dotación dos medios necesarios, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia establecido na disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Tras o retraso acumulado na Comunidade Autónoma de Galicia na ordenación e posta en marcha do órgano especializado e independente previsto no artigo 41.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro) para o coñecemento dos recursos especiais en materia de contratación administrativa, retraso que determinou a necesidade de que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia ditase a Instrución 1/2012 para tratar de emendar a inexistencia deste órgano, a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, na súa disposición derradeira segunda, creou o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Tribunal configúrase como órgano administrativo colexiado e especializado, adscrito á actual Consellería de Facenda, que actuará con independencia funcional no exercicio das súas competencias para garantir a súa obxectividade. O seu ámbito de competencia abarca ás seguintes administracións públicas e entidades:

- Á Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico que teñan a consideración de poder adxudicador.
- Ás universidades galegas e a aos seus organismos e entidades vinculados que teñan a consideración de poder adxudicador.
- Ás entidades locais de Galicia e seus entes, organismos e entidades vinculadas que teñan a consideración de poder adxudicador.
- Ás entidades contratantes de Galicia recollidas no artigo 3.1 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, os transportes e os servizos postais.



Grupo Parlamentario

Sendo tamén competente respecto dos contratos subvencionados conforme ao artigo 41.6 do devandito texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas tamén poden atribuír a competencia para a resolución dos seus recursos, reclamacións e solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade en materia de contratación administrativa a este tribunal, en virtude do correspondente convenio.

Como pode observarse, tanto as directivas europeas que teñen determinado a necesidade de creación deste órgano, como a súa transposición ao noso dereito interno, configuran ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia como un instrumento fundamental para garantir e asegurar a independencia, obxectividade e calidade nos contratos públicos na nosa Comunidade Autónoma, contribuíndo así a mellorar os sistemas anticorrupción e de loita contra a fraude.

Non obstante, a data hoxe, e tras máis de ano e medio desde a entrada en vigor citada Lei1/2015, este tribunal non foi posto en marcha pola Xunta de Galicia, polo que o conxunto de administracións e entidades antes relacionadas deben de seguir enviando os seus recursos e reclamacións especiais nesta importante materia ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais do Ministerio de Facenda, en virtude do convenio asinado o 7 de novembro de 2013, cuxa cláusula sexta regula, polo demais, a correspondente compensación de gastos que a Comunidade Autónoma de Galicia debe de satisfacer ao Ministerio.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan

Cando ten previsto a Xunta de Galicia a posta en marcha, coa necesaria dotación de medios, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia establecido pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3321
Data envío: 13/01/2017 15:45:03.644



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/01/2017 15:41:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2017 15:41:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2139(10/PNC-000224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo
cos colectivos LGTBI galegos para a redacción dunha lei de
identidade de xénero

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2016 13:03
Nº Rexistro: 2139
Data envío: 07/12/2016 13:03:03.148

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Na Galiza vén de se producir o primeiro fallo xudicial favorábel á modificación do sexo e nome no documento de identidade correspondente a unha persoa transexual menor de idade.

Este caso, o de Pablo, é pioneiro no noso país mais súmase a outras sentenzas xudiciais que autorizan legalmente a mudanza do nome de crianzas transexuais na documentación oficial.

Porén, até o momento, as persoas transexuais e as familias destas teñen que verse na obriga de acudir aos tribunais apelando á existencia dunha disforia de xénero que avale ou fundamente no plano xurídico a devandita modificación, de acordo co disposto na Lei 3/2007 reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas. Isto supón a patoloxización do que de facto constitúe un erro na asignación do xénero ao seren rexistradas.

Os avances conseguidos polo movemento trans na Galiza a través da vía xudicial deben estar acompañados de mudanzas na lexislación que camiñen cara á unha sociedade equitativa e non discriminatoria alén de visibilizar a diversidade de xénero existente.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2016 13:03
Nº Rexistro: 2139
Data envío: 07/12/2016 13:03:03.148

Por todo isto, fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a abrir un proceso de diálogo cos colectivos LGTBi galegos para a redacción dunha Lei de identidade de xénero.”

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/12/2016 13:01:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/12/2016 13:01:24

María Montserrat Prado Cores na data 07/12/2016 13:01:30

Noa Presas Bergantiños na data 07/12/2016 13:01:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2016 13:03
Nº Rexistro: 2139

Data envío: 07/12/2016 13:03:03.148

Xosé Luis Bará Torres na data 07/12/2016 13:01:36

Ana Pontón Mondelo na data 07/12/2016 13:01:39

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 2253(10/PNC-000231)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión, relativa á derogación da Lei 1/2012.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na primavera do ano 2010 o Estado español perdeu definitivamente a súa soberanía en pos do cumprimento das esixencias dunha Europa caníbal, dunha Troika que resarcíu as perdas dos poderes financeiros aplicando sobre a clase traballadora uns recortes que se cebaron en grande medida coas empregadas e empregados públicos.

En Galicia, os recortes en salarios e dereitos do persoal público levados a cabo polos Gobernos de Rodríguez Zapatero e Rajoy Brey, non só non se mitigaron, se non que foron acrecentados con máis ataques por parte do Goberno de Núñez Feijóo.

A Lei 1/2012, de 29 de febreiro, eliminou varios dereitos e preceptos contidos no V convenio colectivo único, nun desprezo xeral ao traballo do persoal público, o seu dereito ao descanso e á conciliación. As mesmas e os mesmos que tiveron que sufrir a eliminación das súas pagas extra, hoxe en vías de devolución e unhas taxas de reposición que teñen mermado os pranteis ata mínimos insostibles.

A suposta mellora macroeconómica defendida polo Goberno ou o incremento anunciado dos orzamentos de 2017 non significou, pola contra a eliminación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 13:53
Nº Rexistro: 2253
Data envío: 13/12/2016 13:53:51.819



dunha norma que ademais definía un claro carácter temporal. De feito, a propia Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, deixa claro que non existe intención de suprimir xa esta Lei, ao propor unha modificación dun único artigo do citado texto.

Por todos estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a derrogar a Lei 1/2012 e repor completamente o V convenio colectivo único.

Compostela, 13 de decembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/12/2016 13:47:50

Luis Villares Naveira na data 13/12/2016 13:50:28

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 2594(10/PNC-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para que se aprobe o
Decreto regulador da cooperación para o desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2016 17:46
Nº Rexistro: 2594
Data envío: 26/12/2016 17:46:03.887

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O compromiso do Partido Popular de Galicia coa cooperación ao desenvolvemento foi inquebrantable nos anos de maiores dificultades orzamentarias. A pesares de que foi necesario facer un importante axuste, mantívose un importe global moi superior ao da meirande parte de Comunidades Autónomas, que en moitos casos chegaron a practicamente eliminar estes fondos.

Non obstante, o principal mérito da xestión da Xunta do Partido Popular de Galicia nestes anos foi a blindaxe da solvencia da cooperación. A diferenza doutras Comunidades Autónomas, a Xunta de Galicia executou cada ano o 100% do orzamento e evitou ás ONGDs débedas como as que si lles xeraron os compromisos irrealis e non cumpridos doutros gobernos autonómicos.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, na súa disposición derradeira terceira, modifica a Lei galega de cooperación para o desenvolvemento para refundir nun os tres órganos colexiados coordinadores deste eido.

Esta modificación legal esixe unha adaptación da normativa regulamentaria en materia de cooperación ao desenvolvemento para regular a composición deste novo órgano.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2016 17:46
Nº Rexistro: 2594
Data envío: 26/12/2016 17:46:03.887

Dende o Grupo Parlamentario Popular reclamamos que esa nova normativa regulamentaria en materia de cooperación ao desenvolvemento incorpore, asemade, iniciativas para facilitar a xestión e xustificación das subvencións tal e como foi reclamado na reunión que este grupo mantivo coa coordinadora galega de ONGDs antes das eleccións autonómicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar canto antes un Decreto regulador da cooperación para o desenvolvemento que facilite a xestión das axudas por parte das ONGDs”.

Santiago de Compostela 26 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/12/2016 17:44:35

Paula Prado Del Río na data 26/12/2016 17:44:47

Alberto Pazos Couñago na data 26/12/2016 17:44:59

César Manuel Fernández Gil na data 26/12/2016 17:45:12

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/12/2016 17:45:18

Maria Antón Vilasánchez na data 26/12/2016 17:45:23

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/12/2016 17:45:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2016 17:46
Nº Rexistro: 2594
Data envío: 26/12/2016 17:46:03.887

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2016 17:45:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 3558(10/PNC-000343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación cos problemas de seguridade
existentes en Galicia e coa dotación de medios persoais dos
corpos da Garda Civil, Policía Nacional e Policía adscrita

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Nun medio de comunicación galego, o día 8 de xaneiro deste ano:

“Es una tendencia que se viene sucediendo en los últimos años, pero se trata de un problema que se ha agudizado en los últimos meses, en los que, precisamente, los delitos contra la propiedad privada, entre otros, se han disparado en gran parte de los Concellos de la Costa da Morte. A día de hoy, casi la mitad de los nueve puestos que conforman la V Compañía de la Guardia Civil (que abarca desde A Laracha hasta Corcubión) están bajo mínimos. La situación es especialmente preocupante en los destacamentos de Camariñas, Ponteceso, Malpica y Vimianzo, donde apenas se cubren entre el 30 y el 50% de las plazas existentes. En el puesto camariñán trabajan tres guardias civiles, de los nueve adscritos. En Vimianzo, cinco de once. En Malpica, dos de cuatro, aunque el caso más sangrante es el de Ponteceso, donde según confirmó ayer el alcalde solo hay dos agentes de siete. En el resto de destacamentos la situación presenta un mejor aspecto. En Laxe y A Laracha están cubiertos con la práctica totalidad de las plantillas y en Carballo hay unos cuarenta agentes de servicio.

La causa principal de que algunos puestos estén muy por debajo de los índices normales de actividad se debe principalmente a las bajas laborales, vacaciones, turnos de libranza y traslados sin que, según apuntaron varios profesionales, la Dirección General de la Guardia Civil, a través de la Subdelegación del Gobierno, haya tomado cartas en el asunto y revertir una situación que gran parte de los alcaldes de la zona califican de preocupante.

Algunos profesionales, que prefieren mantenerse en el anonimato por temor a represalias, han asegurado que en determinados fines de semana



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

hay verdaderos quebraderos de cabeza par cubrir los servicios nocturnos. Así, para el pasado fin de año estaban previstas dos patrullas para cubrir A Laracha, Coristanco y Carballo. Dos de los agentes se pusieron de baja y una de las patrullas fue anulada a última hora. La que quedó operativa estaba formada por tres agentes, de los puestos de Carballo y Ponteceso. Estos guardias civiles permanecieron atentos toda la noche a lo que pudiera ocurrir, de forma simultánea, en A Laracha, Carballo, Coristanco, Ponteceso, Malpica, Laxe y Cabana. En las comarcas de Soneira y Fisterra ocurre tres cuartos de lo mismo: una patrulla para cubrir cuatro, cinco, seis y hasta siete concellos”.

Isto está a ocorrer en todo o rural de Galicia e o Goberno galego cala, coma sempre.

Hai redución de horarios e redución de medios persoais e de cadro de persoal dos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional (non digamos xa da Policía adscrita). Como consecuencia, faltan información sobre os veciños de cada pobo e vila, presenza no terreo e resposta rápida.

A Garda Civil nacía no século XIX coa fin de protexer o rural, pero cada vez é máis urbana porque as patrullas o foron abandonando, polo que tardan horas en chegar e a delincuencia increméntase. Ao que hai que engadir o tremendo problema da despoboación en Galicia: cada vez hai menos veciños e veciñas e cada vez son máis vellos. Como consecuencia, a falta de seguridade tradúcese nunha falta de benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado a solución do problema de seguridade na nosa Comunidade Autónoma a través dos seguintes medios:

1. O incremento dos medios persoais e do cadro de persoal dos corpos da Garda Civil, da Policía Nacional e da Policía adscrita.
2. A cobertura das baixas laborais, vacacións, quendas de libranza e traslados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3558
Data envío: 17/01/2017 14:11:37.786



 Grupo Parlamentario

3. A cobertura das prazas existentes nos Corpos e Forzas de Seguridade na Comunidade Autónoma para garantir o servizo a prestar á cidadanía.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 14:02:27

María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2017 14:02:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 14:02:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 14:02:54